XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Adtvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA

I.-ANTECEDENTES

Pola Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza solicítase informe sobre o Anteproxecto de Lei de referencia.

II- OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Primeira.- Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia e no artigo 8 a) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Segunda.- Procedemento

O procedemento de elaboración de proxectos de lei recóllese de maneira dispersa en varios textos normativos.

Así, debe partirse, en primeiro lugar, do disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Decreto 111/1984, do 25 maio, do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Tamén de acordo co artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, resulta necesaria a elaboración dunha memoria económica financeira e dun informe da Dirección Xeral de Orzamentos.

Cómpre indicar que en cumprimento do previsto no artigo 12.2 da citada norma legal ditouse a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación .

Ademais e conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes é preceptivo o informe sobre impacto de xénero.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Xunto a estas disposicións de aplicación xeral será precisa a observancia, segundo cal sexa á materia concreta obxecto de regulación, do disposto noutros textos normativos como serían o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o Consello Económico e Social (no caso de anteproxectos de Lei sobre materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, correspondendo inicialmente á consellería ou ao departamento competente para elaborar ou tramitar o anteproxecto de lei o axuizamento sobre se este versa ou non sobre tales materias, debendo ter presente neste punto o disposto no Acordo do Consello da Xunta do 18 de febreiro de 1999) ou o artigo 7.1 da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia (en relación cos anteproxectos de lei que afecten á competencia ou poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados) ou, para o ámbito concreto dos colexios profesionais, os artigos 9.0) e 26.h) da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, compre citar tamén o *artigo 9 da Lei nova 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno que sinala que:*

> *"Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a), no ámbito das súas competencias, tamén publicarán:*
>
> *a) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada.*
>
> *b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.*
>
> *c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer."*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Tendo en conta o exposto, neste caso achégase pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e xustiza, xunto coa petición de informe, copia da seguinte documentación:

- Solicitude de creación do Colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia.
- Texto inicial do Anteproxecto da lei de creación do Colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia.
- Memoria xustificativa económica.
- Anuncio de información publica.
- Certificado de exposición na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións publicas e Xustiza.
- Trámite de audiencia
- Alegacións das distintas Consellerías.
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e orzamentos.
- Informe da Secretaria Xeral de Igualdade.
- Informe do Consello galego da Competencia.
- Informe sobre as alegacións recibidas.
- Texto final do Anteproxecto da lei de creación do Colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia.

III.-ÁMBITO COMPETENCIAL E MARCO XURÍDICO.

O Anteproxecto de lei ten por obxecto a creación do Colexio oficial de terapeutas ocupacionais de Galicia.

O artigo 36 da Constitución establece que "*a Lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas. A estrutura interna e o funcionamento dos Colexios deberán ser democráticos.*"

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza núm. 20/1988, do 18 de febreiro, sinalou en relación co devandito precepto:

"...el art. 36 de la Constitución no puede ser entendido como norma atributiva de competencia legislativa al Estado, pues, en lo que ahora importa retener, el sentido de este precepto constitucional no es otro que el de singularizar a los Colegios Profesionales como entes distintos de las asociaciones que, al amparo del art. 22, puedan libremente crearse, remitiéndose la norma constitucional a la ley para que ésta regule las peculiaridades propias del régimen jurídico de las organizaciones colegiales, con el mandato de que su estructura interna y funcionamiento habrán de ser en todo caso democráticos. Ahora bien, que el art. 36 de la Constitución no reconozca directamente al Estado competencia normativa para fijar el régimen jurídico de los Colegios Profesionales no significa que aquél carezca de todo título habilitante para intervenir en esta materia, ni tampoco que el nivel o grado de competencia estatal sea sólo el que resulte de los propios términos de cada uno de los Estatutos de Autonomía, de tal manera que, según cree equivocadamente el órgano impugnante, el Estado carecería de toda competencia legislativa cuando el Estatuto de Autonomía haya operado una asunción íntegra y exclusiva de todas las facultades y funciones sobre la materia que ahora nos ocupa. Debe recordarse a este propósito que la calificación jurídica que las competencias de las Comunidades Autónomas deben merecer no deriva de una lectura aislada de la denominación que tales competencias reciban en los textos estatutarios, sino de una interpretación sistemática de todo el bloque de la constitucionalidad, dentro del cual, como es evidente, la Constitución conserva intacta su fuerza normativa dominante como lex superior de todo el ordenamiento; fuerza normativa que no se agota ni disminuye con la promulgación de los Estatutos de Autonomía, cuyos preceptos, por más que califiquen como exclusiva la competencia asumida ratione materiae, nada pueden frente a las normas constitucionales que, en su caso, reconozcan al Estado títulos competenciales sobre esa misma materia.

En este orden de consideraciones, la cuestión que ahora debemos resolver consiste en determinar si una interpretación sistemática de la Constitución y del Estatuto de Autonomía de Cataluña permite sostener o no que el Estado está habilitado para aprobar los principios y reglas básicas sobre organización y competencias de las Corporaciones de Derecho público representativas de intereses profesionales, a los que, con arreglo a lo dispuesto en el art. 15.2 de la Ley del Proceso Autonómico, ahora impugnado, habrán de ajustarse los entes colegiales que existan o se constituyan en el territorio de Cataluña y, por ende, la legislación que ésta apruebe sobre dichos Colegios Profesionales.

4. Como ha declarado este Tribunal en anteriores ocasiones (SSTC 76/1983, de 5 de agosto; 23/1984, de 20 de febrero, y 123/1987, de 15 de julio), los Colegios Profesionales son corporaciones sectoriales que se constituyen para defender primordialmente los intereses privados de sus miembros, pero que también atienden a finalidades de interés público, en razón de las cuales se configuran legalmente como personas jurídico-públicas o Corporaciones de Derecho público cuyo origen, organización y funciones no dependen sólo de la voluntad de los asociados, sino también, y en primer término, de las determinaciones obligatorias del propio legislador, el cual, por lo general, les atribuye asimismo el ejercicio de funciones propias de las Administraciones territoriales o permite a estas últimas recabar la colaboración de aquéllas mediante delegaciones expresas de competencias administrativas, lo que sitúa a tales Corporaciones bajo la dependencia o tutela de las citadas Administraciones territoriales titulares de las funciones o competencias ejercidas por aquéllas. Se trata de una legítima opción legislativa que no sólo no contradice el mandato del art. 36 de la Constitución, sino que guarda una estrecha conexión instrumental con el régimen de ejercicio de las profesiones tituladas a que este mismo precepto constitucional se refiere.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Cierto es que el carácter de Corporaciones públicas de los Colegios Profesionales no logra oscurecer la naturaleza privada de sus fines y de sus cometidos principales, por lo que, como ya se dijo en la STC 123/1987, de 15 de julio, estos entes públicos «realizan una actividad que en gran parte es privada, aunque tengan atribuidas por la Ley o delegadas algunas funciones públicas». Pero no es menos verdad que la dimensión pública de los entes colegiales, en cuya virtud, como antes se dijo, están configurados por la Ley bajo formas de personificación jurídico-pública que la propia representación actora no discute, les equipara sin duda a las Administraciones públicas de carácter territorial, si bien tal equiparación quede limitada a los solos aspectos organizativos y competenciales en los que se concreta y singulariza la dimensión pública de aquéllos. De ahí que, en la STC 76/1983, de 5 de agosto, este Tribunal declarara que «corresponde a la legislación estatal fijar los principios y reglas básicas a que han de ajustar su organización y competencias las Corporaciones de Derecho público representativas de intereses profesionales». Y aun cuando en tal declaración no se invocara explícitamente el art. 149.1, 18.ª, de la Constitución, y se dijera sólo que las remisiones estatutarias a los preceptos constitucionales allí citados «permite entender que la Ley a que se refiere el art. 36 ha de ser estatal en cuanto a la fijación de criterios básicos en materia de organización y competencia» de las Corporaciones públicas profesionales, es del todo claro que el fundamento constitucional de esta legislación básica estatal no puede encontrarse sino en el mencionado art. 149. 1, 18.ª, de la Constitución. No cabe olvidar, por lo demás, que en aquella Sentencia este Tribunal dijo de forma expresa, con referencia a las Corporaciones de Derecho público representativas de intereses económicos, cuya analogía con las Corporaciones profesionales no parece dudosa, que, «aunque orientadas primordialmente a la consecución de fines privados, propios de los miembros que las integran, tales Corporaciones participan de la naturaleza de las Administraciones Públicas y, en este sentido, la constitución de sus órganos, así como su actividad en los limitados aspectos en que realizan funciones administrativas han de entenderse sujetas a las bases que con respecto a dichas Corporaciones dicte el Estado en el ejercicio de las competencias que le reconoce el art. 149.1, 18.ª, de la Constitución». Esta doctrina resulta notoriamente aplicable también a las Corporaciones de Derecho público representativas de intereses profesionales,"

Tamén o Fundamento xurídico 5ª e 7ª da STC num 89/1989 sinalaba que:

"5. Los Colegios Profesionales, en efecto, constituyen una típica especie de Corporación, reconocida por el Estado, dirigida no sólo a la consecución de fines estrictamente privados, lo que podría conseguirse con la simple asociación, sino esencialmente a garantizar que el ejercicio de la profesión - que constituye un servicio al común- se ajuste a las normas o reglas que aseguren tanto la eficacia como la eventual responsabilidad en tal ejercicio, que, en principio, por otra parte, ya ha garantizado el Estado con la expedición del título habilitante (...) Y es que al cumplirse por los Colegios Profesionales otros fines específicos, determinados por la profesión titulada, de indudable interés público (disciplina profesional, normas deontológicas, sanciones penales o administrativas, recursos procesales, etc.), ello justifica innegablemente la opción deferida al legislador para regular aquellos Colegios y para configurarlos como lo hace la Ley 2/1974 y las normas complementarias citadas, que en nada vulneran el contenido de la norma constitucional (art. 36) habilitante, ni tampoco el art. 22, por las razones expuestas.(FJ7)

A STC 330/1994 (FJ 9) sinalou que:

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

"Interesa recordar que la Constitución no impone en su art. 36 un único modelo de Colegio profesional. Bajo esta peculiar figura con rasgos asociativos y corporativos pueden englobarse por el legislador estatal, en ejercicio de su competencia para formalizar normas básicas de las Administraciones públicas ex art. 149.1.18 de la Constitución, situaciones bien distintas como son las que corresponden al ejercicio de funciones públicas en régimen de monopolio o de libre concurrencia en el mercado como profesión liberal, y con colegiación forzosa o libre. Del mismo modo, no tiene por qué erigirse, en los supuestos legales de colegiación voluntaria, una inexistente obligación constitucional de colegiarse, en un requisito habilitante para el ejercicio profesional. Y es asimismo posible que los Colegios profesionales asuman la defensa de actividades profesionales que no configuren, en realidad, profesiones tituladas. Todos estos extremos pueden ser regulados libremente por el legislador estatal, desarrollando el art. 36, y con cobertura competencial en el art. 149.1.18, ambos de la Constitución."

A regulación estatal actualmente vixente sobre a materia está contida na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, modificada polas Leis 74/1978, do 26 de decembro; 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de Colexios Profesionais; Reais Decretos-leis 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e de incremento da competencia, e 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

As ditas reformas, ao ir establecendo o carácter básico de determinados preceptos da Lei 2/1974, contribuíron a evitar a inseguridade xurídica que supoñía a regulación da materia mediante unha normativa preconstitucional. Particularmente, cómpre citar as disposicións derradeiras segunda da Lei 7/1997, do 14 de abril, e do Real Decreto Lei 6/2000, do 23 de xuño.

A última e máis importante modificación da Lei 2/1974 foi a operada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta norma, xunto coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, tivo por obxecto traspoñer ao ordenamento interno o disposto na Directiva 2006/123/CE, do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior- en adiante Directiva de servizos. A citada Lei 25/2009, no seu artigo 5, modificou catro dos nove artigos que tiña a Lei 2/1974 e engadiu seis artigos máis así como tres disposicións adicionais. Conforme ao previsto

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

na disposición derradeira primeira da Lei 25/2009, o disposto no artigo 5 se dita ao abeiro do artigo 149.1.18." e 30." da Constitución, que atribúen ao Estado, respectivamente, a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de titulos profesionais'

Polo que respecta á.Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de Confrarías de Pescadores, Cámaras da Propiedade Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución.

Conforme ao artigo 3 da Lei Orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transferiuse á Comunidade Autónoma galega, no marco da lexislación básica do Estado, a competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

Por Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Colexios Oficiais ou Profesionais, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións da Administración do Estado en relación cos colexios oficiais ou profesionais, cuxo ámbito territorial estea exclusivamente abranguido dentro do territorio propio da Comunidade, reservándose a Administración do Estado as funcións de establecemento das bases do réxime xuridico dos colexios oficiais ou profesionais e de regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos profesionais, conforme ao artigo 149.1 .30." da Constitución.

A normativa autonómica na materia vén constituida pola Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. En concreto, o artigo 2 do devandito texto legal dá nova redacción aos artigos 2, 3, ao

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

apartado 1 do artigo 8, aos apartados e) e i) do artigo 9; introduce un novo apartado v) no artigo 9 e introduce como novos preceptos os artigos 10bis, 1oter, 10quater, 10quinques e 10sexies.

Polo que respecta á creación dos Colexios Profesionais, o artigo 11 da Lei 11/2001 dispón que:

> *Artículo 11 Constitución*
>
> *1. En el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia, la creación de colegios profesionales se hará por ley del Parlamento gallego.*
>
> *2. Cuando el ejercicio de la iniciativa legislativa sea del Consello de la Xunta de Galicia, el correspondiente anteproyecto de ley de creación se hará a petición de los profesionales interesados y previa apreciación por parte del Gobierno autonómico del interés público concurrente en la creación del colegio.*
>
> *3. Únicamente se podrá crear un nuevo colegio profesional respecto a aquellas profesiones para cuyo ejercicio se exija estar en posesión de un título académico oficial, y también respecto a aquellas actividades profesionales cuyo ejercicio esté condicionado a la posesión de un título oficial que acredite la cualificación y habilite legalmente para su ejercicio.*
>
> *4. El ámbito territorial mínimo de los colegios de nueva creación será la provincia.*
>
> *5. No podrá constituirse más de un colegio profesional de idéntica profesión dentro de un mismo ámbito territorial.*

Tal e como se indicou máis arriba, o Anteproxecto de Lei que nos ocupa ten por obxecto a creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais. Na actualidade existen diversas leis autonómicas de creación de colexios similares que se relacionan na memoria xustificativa da parte da Secretaría Xeral Técnica da Consellería da Presidencia, Administracións públicas e xustiza.

En relación cos requisitos que, para a creación dun Colexio Profesional, contén o artigo 11 da Lei 11/2001, remitímonos ao informe desta Asesoría Xurídica do 16 de abril de 2012.

Cómpre así deterse no aspecto relativo á xustificación da concorrencia de razóns de interese público na creación dun colexio. En efecto, non existe unha habilitación discrecional para que o lexislador decida a creación de colexios e o réxime xurídico de

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

adscrición á marxe das esixencias do interese público senón que o lexislador deberá facelo de xeito tal que restrinxa o menos posible e de modo xustificado, tanto o dereito de asociación (art. 22) como o libre exercicio profesional e de oficio (art. 35) e que "ao decidir, en cada caso concreto, a creación dun colexio profesional ha de ter en conta que, ao afectar a existencia deste aos dereitos fundamentais mencionados, só será constitucionalmente lícita cando estea xustificado pala necesidade dun interese público» (por todas, STC 76/2003, do 23 de abril). E como sinala a STC 194/1998, do 1 de outubro: "En todo caso, pois, a calificación dunha profesión como colexiada, coa conseguinte incorporación obrigatoria, require desde o punto de vista constitucional a existencia de intereses xerais que podan verse afectados ou, dito doutro modo, a necesaria consecución de fins públicos constitucionalmente relevantes. A lexitimidade desa decisión dependerá de que o Golexio desempeñe efectivamente funcións de tutela do interese de quenes son destinatarios dos servizos prestados polos profesionais que o integran, así como da relación que exista entre a concreta actividade profesional con determinados dereitos, valores e bens constitucionalmente garantidos. "

E como recorda a máis recente STS do 11 de abril de 2008, tras facer unha referencia á doutrina do TC en materia de colexios profesionais:

> *"Ternos sinalado xa que o Tribunal Constitucional ten establecido que non existe un dereito dos cidadáns a crear ou a que os poderes públicos creen colexios profesionais. Do mesma ternos recollido a doutrina constitucional en relación co art 36 da Carta respecto da cal interesa resaltar os seguintes extremos: 1.- O artigo 36 non prevé que a creación e exercicio dos Colexios profesionais sexa libre, como o fa; 80 referirse a sindicatos e partidos, senón que establece a reserva legal, diferenciándoos coas organizacións profesionais a que se refire o art 52 da Constitución, país mentres estas están dirixidas á promoción e defensa de intereses económicos, os Colexios Profesionais cumpren outros fins profesionais determinados pola profesión titulada de indubidable interese público. 2. – Ao remitir o art 36 á reserva de lei a regulación dos colexios profesionais, consagra as peculiaridades destes: e o lexislador dentro dos limites constitucionais e da natureza e fins dos colexios, quen pode optar por unha configuración determinada, non sendo esa reserva de lei equiparable á que se preve no art 53.1 da Constitución respecto aos dereitos e liberdades, pero debendo o lexislador ao decidir a creación dun Colexio profesional en canto esta afecta a dereitos como o de asociación, libre elección profesional ou de oficio, teren conta que a súa creación só será constitucionalmente lícita cando estea xustificado pola necesidade de servir a un interese público.*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Respecto a tal aspecto recóllese na memoria xustificativa da Secretaria Xeral técnica da Vicepresidencia e Conselleria de presidencia, Administracións publica e xustiza, unha xustificación do interese xeral que concorre no presente suposto aos efectos da proposta de creación do citado Colexio oficial.

IV.- RESPECTO AO ARTICULADO:

Consideracións xerais de técnica normativa:

Resulta obrigado facer unha referencia xeral á conveniencia de aplicar, na elaboración das normas, uns criterios uniformes de técnica normativa, pois iso redundará en beneficio da claridade dos textos normativos e da súa mellor comprensión polos cidadáns, en xeral, e polo operadores xurídicos, en particular. Neste sentido, seguiranse as Directrices de técnica recollidas na Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.

Así, no presente caso e seguindo a liña doutros informes, estas Directrices servirán de fundamento ás observacións que, en materia de técnica normativa, se realizan ao articulado do proxecto.

O presente anteproxecto de lei presenta unha estructura similar aos anteproxectos de leis de creación doutros Colexios profesionais no ámbito da CCAA xa informados por esta Asesoría Xurídica Xeral.

Nese sentido, o presente texto respeta as Directrices de Técnica normativa e as instruccións xa recomendadas na redacción deste tipo de anteproxectos, en particular ao informe emitido en data de 17 de xaneiro de 2013 no que se analizaba o anteproxecto de lei de creación do colexio Oficial de Dietistas e Nutricionistas, no que se recomendaban determinadas melloras de redacción que se recollen agora no presente texto remitido.

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Consideracións ao contido:

O presente anteproxecto de lei consta de catro artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Nelas regúlanse o seu obxecto, o ámbito territorial, o ámbito persoal, a colexiación e determinadas disposición reguladoras do seu réxime transitorio.

De acordo co sinalado anteriormente, dende o punto de vista do seu contido, o presente anteproxecto de lei, coas particularidades do colexio oficial que se crea, presenta un contido similar aos anteproxectos de leis de creación doutros Colexios profesionais no ámbito da CCAA xa informados por esta Asesoría Xurídica Xeral asi coma das restantes normativas autonómicas, respetando a normativa xeral de aplicación.

Polo exposto **informase favorablemente** o presente anteproxecto de lei, todo iso sen prexuizo de mellor criterio fundado en dereito.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2016.

A Letrada da Xunta de Galicia.

Letrada xefa do Gabinete de Asesoramento e Apoio a actualización normativa.

XUNTA DE GALICIA
ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Beatriz Allegue Requeijo

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

ANEXO

Anteproxecto de Lei ...../2016, do .....de ....., de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

Ao abeiro desta normativa, a Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Sanidad y Seguridad Social de Galicia, con ámbito territorial na Comunidade Autónoma de Galicia, presentou a solicitude de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

O Real decreto 1420/1990, do 4 de xullo, estableceu o título universitario oficial de diplomado/a en Terapia Ocupacional. Pola súa banda, mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de terapeuta ocupacional. No *Boletín Oficial del Estado* do 26 de marzo de 2009 publicouse a Orde CIN/729/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de grao como título universitario oficial habilitante para o exercicio da profesión de terapeuta ocupacional.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas establece, no artigo 2, que son profesións sanitarias tituladas e reguladas aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar as persoas interesadas dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde, e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos, de acordo co previsto na normativa específica aplicable, e inclúe expresamente entre as profesións sanitarias de

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

nivel diplomado a profesión de terapeuta ocupacional, para cuxo exercicio habilita o título de diplomado/a en Terapia Ocupacional.

A mesma lei, no artigo 7.2.g), sinala como funcións dos/das terapeutas ocupacionais a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tendan a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.

O interese público que xustifica a creación deste colexio profesional fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución. Por iso, considérase que concorren razóns de interese público que xustifican a creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que permita a integración destes profesionais nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, someter aos profesionais a unhas normas deontolóxicas e de control comúns e, en definitiva, protexer os intereses das persoas usuarias dos servizos prestados polos/as profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Polo exposto, e considerando que existen razóns de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, procédese mediante a presente lei á creación do antedito colexio.

A lei consta dunha exposición de motivos; catro artigos titulados -respectivamente- obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal, colexiación; dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Créase o Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.
2. O Colexio terá plena capacidade de obrar desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

O ámbito de actuación do Colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3. *Ámbito persoal.*

1. O Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia agrupa os profesionais que estean en posesión do título universitario de Terapeuta Ocupacional, de conformidade co disposto no Real decreto 1420/1990, do 26 de outubro, polo que se establecen o título universitario oficial de diplomado/a en Terapia Ocupacional e as directrices xerais propias dos plan de estudos conducentes á obtención daquel, ou do correspondente título de grao.
2. Igualmente, poderán integrarse no Colexio os profesionais que posúan outro título equivalente debidamente homologado pola autoridade competente.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15771 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Artigo 4. *Colexiación.*

O exercicio da profesión de terapeuta ocupacional con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia requirirá a incorporación ao Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia cando así o estableza unha lei estatal.

Disposición adicional primeira. *Promoción da igualdade de xénero*

No contido dos estatutos aprobados ao abeiro desta Lei, terase en conta a perspectiva de xénero e a promoción da igualdade por razón de xénero na profesión de terapeuta ocupacional que, así mesmo, será un principio informador de toda a actividade do colexio

Disposición transitoria primeira. *Comisión Xestora*

1. A Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Sanidad y Seguridad Social designará unha comisión xestora que actuará como órgano de goberno provisional do Colexio coas funcións establecidas na normativa transitoria desta lei.

2. A Comisión Xestora, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, elaborará e aprobará con carácter provisional uns estatutos do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia nos cales se deberán regular a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, na cal terán dereito a participar todos os profesionais que, conforme o disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados. A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión de Galicia.

3. Na composición da Comisión Xestora procurarase unha presenza equilibrada de homes e mulleres

Disposición transitoria segunda. *Asemblea constituínte e estatutos definitivos*

1. A Asemblea constituínte, no prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia e elixirá os membros dos órganos de goberno colexiais.

3. Os estatutos definitivos, logo de seren aprobados pola asemblea, remitiranse á consellería competente en materia de colexios profesionais para a súa aprobación definitiva, unha vez que sexa verificada a súa adecuación á legalidade, e publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*